

Universidade de Vigo

ENCARGO DE XESTIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO Á FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO, MP DA UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DO CENTRO DE LINGUAS PARA O PERSOAL DA UNIVERSIDADE

En Vigo, 29 de abril de 2019

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Rector de la Universidade de Vigo (en diante UVIGO), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, do 8 de xuño de 2018, polo que se dispón o seu nomeamento, de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro (DOG núm. 21, del 2 de febreiro de 2010).

ANTECEDENTES


Primeiro.— Que a UVIGO é unha institución que en cumprimento do disposto na Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro, de Universidades, realiza o servizo público de educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación, tendentes ao desenvolvimento científico e tecnolóxico.

Segundo.- De acordo cos seus estatutos á UVIGO correspondelle, no marco das súas competencias, a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria. Os estatutos da Vigo sinalan entre os seus fins e competencias, a formación integral do alumnado, o apoio á inserción laboral do mesmo, así como a formación continua do seu persoal.

Nun contexto de internacionalización, a UVIGO presta especial atención á formación e acreditación en lingua modernas da comunidade universitaria e a súa contorna. Neste ámbito, colabora con distintas entidades de acreditación de idiomas como ACLES (Asociación de Centros de Lingua na Ensinanza Superior), Instituto Cervantes, Cambridge ou TOEFL.

Terceiro.- A FUVI é unha entidade privada sen fins de lucro, creada en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión de 21 de xullo de 1997, e que nace con vontade expresa de complementar e impulsar as actuacións desenvolvidas pola UVIGO para o mellor cumplimento dos seus fins.

De acordo cos Estatutos da FUVI, Artigo 2, Denominación e Natureza: "A FUVI ten a condición de medio propio e servizo técnico da Universidade de Vigo. Poderánselle encargar encomendas que teñan relación cos seus fins fundacionais", e "As encomendas de xestión serán de execución obligatoria para a FUVI e levarán aparellada a potestade para o órgano que confire o encargo de ditar instrucións necesarias para a súa execución".



Universidade de Vigo

En particular, o Artigo 7 punto a) dos Estatutos, recolle como fin propio da FUVI “Prestar os servizos que sexan necesarios para que a Universidade de Vigo realice as súas función básicas e non supoñan o exercicio de función de autoridade”.

A FUVI desenvolve a través do Centro de Linguas a actividade de formación e acreditación de idiomas modernos e así está recollido no Plan de Actuación da fundación, no “*Programa de formación. Subprograma de formación en linguas modernas, Centro de Linguas*”.

Así mesmo, o Artigo 7 dos Estatutos, recolle, entre outros, como fin propio da FUVI “Promover e desenvolver actividades de formación non regrada co fin de acadar as máximas cotas de calidade de docencia e Investigación”.

Por todo elo, ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e restante normativa de aplicación no referente aos encargos de xestión a medios propios, realiza o presente encargo, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.- Encargar á FUVI na súa condición de medio propio, a realización de cursos de idiomas para o persoal de administración e servizos (PAS) en función das necesidades formativas acordadas pola Xerencia da Universidade de Vigo.

Segunda. Alcance da encomenda de xestión.- As funcións obxecto da encomenda establecida na cláusula primeira concrétanse na execución por parte da FUVI das seguintes actividades:

1. Programación dos cursos
2. Realización de probas de nivel cando sexan necesarias
3. Docencia dos cursos
4. Avaliación e xestión de certificados
5. Control de calidade dos cursos
6. Elaboración de propostas académicas específicas no seu caso

O presente encargo de xestión non supón cesión da titularidade das competencias da UVIGO, nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico den soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto do encargo.

Terceira. Prezo.- A FUVI recibiría como aportación da UVIGO pola execución das actividades descritas na cláusula segunda, a cantidade que corresponda en función dos cursos efectivamente impartidos, e de acordo coas tarifas aprobadas a tal fin.

En base a consumos de exercicios anteriores estímase un custe de 20.287 € para o exercicio 2019.

Se nas actividades incluídas no presente encargo se requirira a realización dunha tarefa ou servizo non recollido na táboa de tarifas, será necesaria a elaboración dun

Universidade de Vigo

orzamento pechado por parte da Fundación Universidade de Vigo e a aprobación de dito orzamento polo órgano responsable.

Cuarta. Responsable do encargo

As funcións de dirección, control e seguimento do encargo recaerá na Xerencia da UVIGO.

O/a responsable do encargo supervisará o cumprimento dos obxectivos técnicos e orzamentarios referidos aos cursos e actividades encomendadas. Unha vez realizada esta labor de seguimento procederase de acordo cos trámites establecidos pola UVIGO a efectos de xestión contable e pagamento.

Quinta. Condicóns na execución do encargo.-

A execución do encargo levarase de acordo coas instrucións que se diten pola UVIGO. A efectos de seguimento do encargo a coordinación realizarase entre a dirección da fundación e a Xerencia da UVIGO.

A coordinación de actividades e xestión ordinaria dos cursos levarase a cabo entre o responsable do encargo e a dirección da fundación ou persoa en quen delegue.

A UVIGO facilitará á FUVI os locais e aulas necesarias para a realización do encargo, así como a información que se precise para a execución das tarefas obxecto da encomenda. Así mesmo, facilitará o software e os accesos a webs ou programas informáticos necesarios.

A FUVI poderá utilizar as marcas propiedade da UVIGO nos diferentes soportes e medios a efectos do cumprimento da encomenda de xestión.

A FUVI non poderá contratar con terceiros a execución dunha parte da actividade encomendada cando o seu importe supere o 50% do total da prestación.

Sexta. Consignación orzamentaria, xustificación e pagamento.-

Os gastos derivados da xestión do presente encargo correrán a cargo dos orzamentos da UVIGO, Aplicación orzamentaria 2019 0000 421S 16200 (Importe máximo indicado na cláusula Terceira).

O pagamento realizarase previa entrega á UVIGO por parte da FUVI da correspondente memoria de actividades realizada. Farase efectivo mediante transferencia bancaria á seguinte conta da que a FUVI é titular: Banco Santander, nº 0049-6141-98-2510007984.

Sétima. Ámbito temporal.- O presente encargo de xestión iniciarase o 1 de xaneiro de 2019 e terá un prazo de duración de 1 ano, estendéndose ata o 31 de decembro de




Universidade de Vigo

2019. O encargo poderá ser obxecto de prórroga ou modificación, si así o comunica expresamente a Universidade de Vigo antes do seu vencemento.

Oitava. Protección de Datos de Carácter Persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos, as partes declaran que os datos que mutuamente se proporcionen como consecuencia desta relación serán incorporados en ficheiros de computador e/ou manuais cuxo único propósito é comprobar o bo desempeño das obrigas e dereitos derivados da presente relación xurídica, e que os autores dos arquivos son os asinantes do presente contrato, en cuxas sedes, no Campus de Vigo en ámbolos dous casos, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos.

Neste ámbito as partes remítense ao “*Acordo de confidencialidade e encargado de tratamiento*”, asinado entre UVIGO e FUVI de data 26 de novembro de 2019.

Polo órgano que realiza o encargo:



D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor Universidade de Vigo

Recibido o encargo:



Dna. Josefa Casal Martínez
Directora Fundación Universidade de Vigo
(P.A., Acordo do Padroado de data 16 de xullo de 2018)